

BORRADOR DA ACTA DA SESION ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACION DO DIA 26 DE FEBREIRO DE 2015.

ASISTENTES:

Presidente:

D.^a. Ana Ledo Fernandez

Concelleiros:

- D. José Angel Rey Seoane
- D. Álvaro Fontecoba Vázquez
- Dna. Silvia Mosteiro Monterroso
- D.^a. Maria Jesús Novo Gomez
- D. Elisardo Montero Castro
- D. Antonio Costoya Duro
- D. Jesús Modia Serén
- D. José Luis Rivas Cruz

Secretaria-Interventora:

D.^a Rebeca Vázquez Vázquez

Na sala de reunións da Casa do Concello de Boimorto, sendo as 20:00 horas do día vinte e seis de febreiro de dous mil quince, xuntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os concelleiros relacionados na marxe baixo a presidencia da alcaldesa D.^a Ana Ledo Fernandez.

Non asisten nin xustifican a súa ausencia, os concelleiros Dna. Isabel Sesar Otero e D. Gonzalo Concheiro Coello.

Foron asistidos pola secretaria-interventora do Concello Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

De seguido a alcaldesa abre a sesión, na que se pasaron a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

1.- APROBACIÓN ACTA/S ANTERIOR/ES

Coñecida polos/as asistentes a través de fotocopias repartidas xunto coa convocatoria, as actas das sesións extraordinarias do Pleno da Corporación do día 29/12/2014 e do 29/01/2015, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta a Sra. alcaldesa-presidenta se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma.

O membro do grupo mixto D.Xose Luis Rivas quere aclarar que en relación a acta de decembro en rogos e preguntas sobre Farruco o que quería dicir e que o planteado por este señor era chantaxe en relación coa mención de humidades no albergue de peregrinos explica que non hai pero que visto como está poden aparecer en poucos anos. Continúa en relación coa acta de xaneiro explicando que o que quixo dicir á Alcaldía sobre a súa crítica os erros e presentación de alegacións ó orzamento municipal do 2015 polo grupo municipal do PP e que todos temos dereito a equivocarnos.

A continuación D. Antonio Costoya concelleiro do grupo municipal do PP expón que non entende se xustifica a súa ausencia a unha sesión plenaria que se poña ausencia inxustificada.

A Alcaldía permite a intervención da secretaría que explica a este concelleiro que non e xustificación que teña que traballar xa que ten dereito a que a súa empresa lle conceda o tempo necesario para atender os seus deberes como concelleiro. Continúa reclamando que a acta de decembro e dunha sesión ordinaria , resposta secretaría que e extraordinaria xa que

no n se celebrou nas datas acordadas polo pleno para sesións ordinarias inda que a Alcaldía decidise na orde do día manter os puntos de aprobación de acta anterior, dación de conta de decretos e rogos e preguntas.

Non son formuladas observacións polo que o Pleno municipal por unanimidade con nove votos a favor, catro dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE, catro dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aprobar coas consideracións anteriores as actas das sesións extraordinarias do Pleno da Corporación de data 29/12/2014 e 29/01/2015

2.- DITAME RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL CREDITO 1.2015

Pola Secretaria dáse lectura ó ditame relacionado con este punto da orde do día que se reproduce a continuación:

<<PROPOSTA DA ALCALDÍA PRESIDENCIA PARA DITAME DA COMISIÓN PERMANENTE ESPECIAL DE CONTAS (SESIÓN DE DATA 23/02/2015) EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS FACTURAS EJERCICIO 2014

ASUNTO: RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 1/2015

Iniciado o exercicio orzamentario de 2015, constan na Intervención Municipal compromisos de pago acordados en exercicios anteriores relativas á diversos gastos, cuxos xustificantes foron presentados ou conformados no ano en curso, resultando imposible a súa imputación presupostaria ao exercicio de orixe, polo que para proceder á súa aprobación deberá procederse ó seu recoñecemento extraxudicial de créditos.

Logo de ver o informe de reparo da Intervención municipal de 20 de febreiro de 2015 relativo á fiscalización das facturas obxecto do expediente de recoñecemento extraxudicial n ° 1/2015.

Vistas as seguintes facturas referidas a gastos do exercicio 2014 con rexistro de entrada neste Concello na anualidade 2015 máis que non teñen procedemento contractual adecuado previo para xustificar compromiso de gasto debidamente adquirido en exercicios anteriores en aplicación do artigo 26.2 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril:

Nº. factura/ Data (Rexistro entrada)	Titular NIF/CIF	Descrición	Importe
2014/3392-31/12/14 (55-13/01/15)	Sociedade Galega de Medio Ambiente / A-15379803	Tratamento RU mes de decembro 2014	4.190,59 €
A/30956-31/12/14	Subministrados	Luvras persoal da residencia	

(54-13/01/15)	Médicos Vigüeses Uno, S.L. / B36797637	de persoas maiores e centro de día de Boimorto	119,35 €
FE14321161489514- 04/12/2014	Gas Natural Servicios SDG, S.A. / A- 08431090	Recibo alumeado público Gándara período 15-10-14/12-11-14	481,00 €
FE14321163376411- 29/12/14		Recibo campo de fútbol período 13-11-14/17-12-14	1.486,88 €
FE14321163376409- 29/12/14		Recibo polideportivo período 13-11-14/17-12-14	256,33 €
FE14321163376410- 29/12/14		Recibo colexio período 13-11-14/17-12-14	1.238,23 €
FE14321163376412- 29/12/14		Recibo piscina período 13-11-14/17-12-14	179,50 €
FE14321161836132- 11/12/14		Recibo casa consistorial período 27-09-14/25-11-14	700,01 €
FE14321163376413- 29/12/14		Recibo residencia período 13-11-14/17-12-14	1.849,44 €
FE14321163376408- 29/12/14		Recibo albergue período 13-11-14/17-12-14	336,09 €
Rexistro de entrada 171 Data: 26/01/15			
Relación de data 26/01/15. Rexistro de entrada nº 172. Recibos emitidos con data decembro 2014	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A./A- 65067332	Subministro de enerxía eléctrica alumeado público Subministro de enerxía eléctrica outras dependencias: Local social Corneda Local social Nogaredo Depósito Boimil Protección civil Refuxio (Sendelle) Antigas escolas	6261,57 € 33,58 € 29,90 € 37,35 € 56,43 € 20,61 € 66,79 €
4001464810- 31/12/14 (69-14/01/15)	Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, S.A. / ESA-83052407	Franqueo pagado mes de decembro 2014	229,98 €
140366-31/12/14 (150-23/01/15) □	Farmacia Mª José Vázquez Freire / 33277749S	Material de farmacia para residencia decembro 2014	84,34 €
138 2014-30/12/14 (44-12/01/15)	Fernando Parrado Vidal / 33283489M	Material para taladro	26,70 €
P14/17491-30/11/14 (160-26/01/15)	La Voz de Galicia, S.A. / A15000649	Publicación anuncios no mes de novembro 2014 aprobación plan especiais	871,20 €
2014-10100579- 11/12/14 (37-09/01/15)	Wolters Kluwer España, S.A. / A- 58417346	Compra do manual presupostos e contabilidade C. locais 8ª. edición	98,80 €
0101-1401059- 30/09/14	Cogami Reciclado de Galicia, S.L. / B- 15467962	Recollida de residuos do 01/09/14 ao 30/09/14	95,36
0101-1401413- 23/12/14 (107-108-20/01/15)		Recollida de residuos do 01/12/14 ao 31/12/14	95,36 €
Recibos póliza nº 0551480525252 (324-18/02/15)	Willis Galicia Correduría de Seguros, S.A. / A36824845	Recibo nº 0000282050 seguro de accidentes colectivos voluntariado social período 07/06/14 a 31/12/14 Recibo nº 0000282052	392,76 €

		seguro de accidentes colectivos voluntariado social (inclusión na póliza Lidia Cao Costoya) período 31/07/14 a 31/12/14	29,01 €
--	--	---	---------

Visto o artigo 60.2 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril que outorga competencia ó pleno municipal para o recoñecemento extraxudicial de créditos cando non exista dotación orzamentaria.

Considerando que pola teoría do enriquecemento inxusto ou sen causa mantida xurisprudencialmente, pola que un empresario executou unha prestación a favor da Administración ten que cobrar o prezo da prestación aínda que non foran seguidos os procedementos legalmente establecidos xa que un defecto formal non pode implicar un prexuízo para o contratista e un enriquecemento sen causa para a Administración.

Visto o artigo 26.2 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril polo presente propono que a comisión informativa permanente especial de contas ditamine favorablemente o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Levantar reparo da secretaría intervención de data 20/02/2015 en relación coas facturas indicadas nos considerandos deste acordo .

SEGUNDO.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial das facturas relativas ó expediente de recoñecemento extraxudicial nº 1/15 indicadas nos considerandos deste acordo autorizando, compromiso e recoñecendo obrigas con cargo ás partidas municipais de 2015 que se indican a continuación:

Nº. factura/ Data (Rexistro entrada)	Titular NIF/CIF	Descrición	Importe		
2014/3392-31/12/14 (55-13/01/15)	Sociedade Galega de Medio Ambiente / A-15379803	Tratamento RU mes de decembro 2014	4.190,59 €	1623.22799	
A/30956-31/12/14 (54-13/01/15)	Subministros Médicos Vigueses Uno, S.L. / B36797637	Luvas pesoal da residencia de persoas maiores e centro de día de Boimorto	119,35 €	231.22703	
FE14321161489514-04/12/2014	Gas Natural Servicios SDG, S.A. / A-08431090	Recibo alumeadado público Gándara período 15-10-14/12-11-14	481,00 €	165.22100	
FE14321163376411-29/12/14		Recibo campo de fútbol período 13-11-14/17-12-14	1.486,88 €	342.22100	
FE14321163376409-29/12/14		Recibo polideportivo período 13-11-14/17-12-14	256,33 €	342.22100	
FE14321163376410-29/12/14		Recibo colexio período 13-11-14/17-12-14	1.238,23 €	323.22100	
FE14321163376412-29/12/14		Recibo piscina período 13-11-14/17-12-14	179,50 €	342.22100	
FE14321161836132-11/12/14		Recibo casa consistorial período 27-09-14/25-11-14	700,01 €	920.22100	
FE14321163376413-29/12/14		Recibo residencia período 13-11-14/17-12-14	1.849,44 €	231.22100	
FE14321163376408-29/12/14		Recibo albergue período 13-11-14/17-12-14	336,09 €	432.22100	
Rexistro de entrada 171 Data: 26/01/15					
Relación de data 26/01/15. Rexistro de		Gas Natural S.U.R. SDG, S.A./A-	Subministro de enerxía eléctrica alumeadado público	6261,57 €	165.22100

entrada nº 172. Recibos emitidos con data decembro 2014	65067332	Subministro de enerxía eléctrica outras dependencias: Local social Corneda Local social Nogaredo Depósito Boimil Protección civil Refuxio (Sendelle) Antigas escolas	33,58 € 29,90 € 37,35 € 56,43 € 20,61 € 66,79 €	337.22100 337.22100 161.22100 920.22100 920.22100 337.22100
4001464810- 31/12/14 (69-14/01/15)	Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, S.A. / ESA-83052407	Franqueo pagado mes de decembro 2014	229,98 €	920.22201
140366-31/12/14 (150-23/01/15) □	Farmacia Mª José Vázquez Freire / 33277749S	Material de farmacia para residencia decembro 2014	84,34 €	231.22703
138 2014-30/12/14 (44-12/01/15)	Fernando Parrado Vidal / 33283489M	Material para taladro	26,70 €	161.22199
P14/17491-30/11/14 (160-26/01/15)	La Voz de Galicia, S.A. / A15000649	Publicación anuncios no mes de novembro 2014 aprobación plan especiais	871,20 €	920.22603
2014-10100579- 11/12/14 (37-09/01/15)	Wolters Kluwer España, S.A. / A- 58417346	Compra do manual presupostos e contabilidade C. locais 8ª. edición	98,80 €	920.22001
0101-1401059- 30/09/14 0101-1401413- 23/12/14 (107-108-20/01/15)	Cogami Reciclado de Galicia, S.L. / B- 15467962	Recollida de residuos do 01/09/14 ao 30/09/14 Recollida de residuos do 01/12/14 ao 31/12/14	95,36 € 95,36 €	1623.22799 1623.22799
Recibos póliza nº 0551480525252 (324-18/02/15)	Willis Galicia Correduría de Seguros, S.A. / A36824845	Recibo nº 0000282050 seguro de accidentes colectivos voluntariado social período 07/06/14 a 31/12/14 Recibo nº 0000282052 seguro de accidentes colectivos voluntariado social (inclusión na póliza Lidia Cao Costoya) período 31/07/14 a 31/12/14	392,76 € 29,01 €	920.22400 920.22400

En Boimorto, 20 de febreiro de 2015.

A ALCALDESA

Asdo.- Ana Ledo Fernández>>>

Expón a Alcaldía que a maior parte destas facturas están relacionadas con gastos comúns repetitivos de luz, teléfono, facturas que son do ano 2014 sobre gastos de 2014 e chegaron a rexistro no 2015, gastos que di hai que pagar.

Sen máis intervencións por maioría con 5 votos a favor, 4 dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE e un do grupo mixto e con 4 abstencións dos 4 concelleiros presentes do grupo municipal do PP o Pleno **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Levantar reparo da secretaría intervención de data 20/02/2015 en relación coas facturas indicadas nos considerandos deste acordo .

SEGUNDO.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial das facturas relativas ó expediente de recoñecemento extraxudicial nº 1/15 indicadas nos considerandos deste acordo autorizando, compromiso e recoñecendo obrigas con cargo ás partidas municipais de 2015 que se indican a continuación:

Nº. factura/ Data (Rexistro entrada)	Titular NIF/CIF	Descrición	Importe		
2014/3392-31/12/14 (55-13/01/15)	Sociedade Galega de Medio Ambiente / A-15379803	Tratamento RU mes de decembro 2014	4.190,59 €	1623.22799	
A/30956-31/12/14 (54-13/01/15)	Subministros Médicos Vigueses Uno, S.L. / B36797637	Luvas pesoal da residencia de persoas maiores e centro de día de Boimorto	119,35 €	231.22703	
FE14321161489514-04/12/2014	Gas Natural Servicios SDG, S.A. / A-08431090	Recibo alumeado público Gándara período 15-10-14/12-11-14	481,00 €	165.22100	
FE14321163376411-29/12/14		Recibo campo de fútbol período 13-11-14/17-12-14	1.486,88 €	342.22100	
FE14321163376409-29/12/14		Recibo polideportivo período 13-11-14/17-12-14	256,33 €	342.22100	
FE14321163376410-29/12/14		Recibo colexio período 13-11-14/17-12-14	1.238,23 €	323.22100	
FE14321163376412-29/12/14		Recibo piscina período 13-11-14/17-12-14	179,50 €	342.22100	
FE14321161836132-11/12/14		Recibo casa consistorial período 27-09-14/25-11-14	700,01 €	920.22100	
FE14321163376413-29/12/14		Recibo residencia período 13-11-14/17-12-14	1.849,44 €	231.22100	
FE14321163376408-29/12/14		Recibo albergue período 13-11-14/17-12-14	336,09 €	432.22100	
Rexistro de entrada 171 Data: 26/01/15					
Relación de data 26/01/15. Rexistro de entrada nº 172. Recibos emitidos con data decembro 2014		Gas Natural S.U.R. SDG, S.A./A-65067332	Subministro de enerxía eléctrica alumeado público Subministro de enerxía eléctrica outras dependencias: Local social Corneda Local social Nogaredo Depósito Boimil Protección civil Refuxio (Sendelle) Antigas escolas	6261,57 € 33,58 € 29,90 € 37,35 € 56,43 € 20,61 € 66,79 €	165.22100 337.22100 337.22100 161.22100 920.22100 920.22100 337.22100
4001464810-31/12/14 (69-14/01/15)	Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, S.A. / ESA-83052407	Franqueo pagado mes de decembro 2014	229,98 €	920.22201	
140366-31/12/14 (150-23/01/15) □	Farmacia Mª José Vázquez Freire / 33277749S	Material de farmacia para residencia decembro 2014	84,34 €	231.22703	
138 2014-30/12/14 (44-12/01/15)	Fernando Parrado Vidal / 33283489M	Material para taladro	26,70 €	161.22199	
P14/17491-30/11/14 (160-26/01/15)	La Voz de Galicia, S.A. / A15000649	Publicación anuncios no mes de novembro 2014 aprobación plan especiais	871,20 €	920.22603	
2014-10100579-	Wolters Kluwer	Compra do manual			

11/12/14 (37-09/01/15)	España, S.A. / A- 58417346	presupostos e contabilidade C. locais 8ª. edición	98,80 €	920.22001
0101-1401059- 30/09/14	Cogami Reciclado de Galicia, S.L. / B- 15467962	Recollida de residuos do 01/09/14 ao 30/09/14	95,36	1623.22799
0101-1401413- 23/12/14 (107-108-20/01/15)		Recollida de residuos do 01/12/14 ao 31/12/14	95,36 €	1623.22799
Recibos póliza nº 0551480525252 (324-18/02/15)	Willis Galicia Correduría de Seguros, S.A. / A36824845	Recibo nº 0000282050 seguro de accidentes colectivos voluntariado social período 07/06/14 a 31/12/14	392,76 €	920.22400
		Recibo nº 0000282052 seguro de accidentes colectivos voluntariado social (inclusión na póliza Lidia Cao Costoya) período 31/07/14 a 31/12/14	29,01 €	920.22400

3.- APROBACIÓN DEFINITIVA PLAN ESPECIAL DE ORDENACIÓN DO NÚCLEO RURAL GALIÑEIRAS VILAR

Pola Secretaria dáse lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente:

“Visto o expediente tramitado para a aprobación do Plan especial de ordenación do núcleo rural de Galiñeiras, Vilar (Boimorto A Coruña).

Propoño que o Pleno municipal adopte o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar con carácter definitivo o Plan especial de ordenación do núcleo rural de Galiñeiras, Vilar (Boimorto - A Coruña) co mesmo contido que na aprobación inicial, plan que desenvolve o Plan Xeral de Ordenación Municipal deste Concello.

SEGUNDO.- Remitir un exemplar completo debidamente dilixenciado á Consellería competente da Xunta de Galicia xunto con certificado do presente acordo de aprobación definitiva.

TERCEIRO.- Publicar este acordo de aprobación definitiva e contido e articulado das normas deste plan no DOG e o contido completo deste instrumento de planeamento na páxina web municipal, indicando o previo depósito na Consellería competente en materia de urbanismo.

CUARTO.- Deixar sen efecto a suspensión de licenzas, debéndose axustar no sucesivo ós terreos, ás instalacións, ás construcións e edificacións ó destino que resulte da súa clasificación e cualificación e o réxime urbanístico que consecuentemente lles sexa de aplicacións como consecuencia da aprobación deste novo instrumento de planeamento.

Boimorto 23 de febreiro de 2015

A Alcaldesa:

Asdo.- Ana Ledo Fernández”

Sinala a Alcaldesa que recibe moitas queixas dos veciños pola necesidade, coa nova lei de estradas da Xunta, de pedir autorizacións sectoriais, etc..., e limitacións para actuacións de urbanismo.

A Alcaldía dálle a palabra a esta Secretaria que explica o contido e motivo de dito Plan especial.

Sinala a Alcaldesa que para máis núcleos farase o mesmo.

Sen máis intervencións por unanimidade con 9 votos a favor; catro dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE, catro dos concelleiros do grupo municipal do PP e un da concelleira do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aprobar con carácter definitivo o Plan especial de ordenación do núcleo rural de Galiñeiras, Vilar (Boimorto - A Coruña) co mesmo contido que na aprobación inicial, plan que desenvolve o Plan Xeral de Ordenación Municipal deste Concello.

SEGUNDO.- Remitir un exemplar completo, debidamente dilixenciado, á Consellería competente da Xunta de Galicia xunto con certificado do presente acordo de aprobación definitiva.

TERCEIRO.- Publicar este acordo de aprobación definitiva, contido e articulado das normas deste plan no DOG e o contido completo deste instrumento de planeamento na páxina web municipal indicando o previo depósito na Consellería competente en materia de urbanismo.

CUARTO.- Deixar sen efecto a suspensión de licenzas, debéndose axustar no sucesivo aos terreos, as instalacións, as construcións e edificacións ó destino que resulte da súa clasificación e cualificación; e o réxime urbanístico que consecuentemente lles sexa de aplicacións como consecuencia da aprobación deste novo instrumento de planeamento.

4.- PROPOSTA ALCALDÍA APOIO DA CONCESIÓN DE ASILO POLÍTICO AO ACTIVISTA SAHARAUI HASSANA AALIA

Pola Secretaría dáse lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que se reproduce literalmente:

<<MOCIÓN EN APOIO DA CONCESIÓN DE ASILO POLÍTICO AO ACTIVISTA SAHARAUI HASSANA AALIA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 19 de xaneiro fíxose público o auto de resolución da solicitude de asilo político en España do mozo activista saharauí Hassanna Aalia, no que se lle comunica a denegación da protección e anúnciaselle a saída obrigatoria do territorio español, dándolle un prazo de 15 días para abandonar o Estado español, pese ao castigo que lle espera e o risco real de ser torturado se regresa ao Sahara Occidental baixo ocupación de Marrocos.

Hassanna é un mozo saharauí de 26 anos nado no Aaiún que solicitou o asilo político en xaneiro de 2012, tras decatarse que o seu nome figuraba na relación de acusados que ían ser xulgados en Rabat por un Tribunal Militar polos feitos do Gdeim Izik. Hasanna estaba nese momento en España, non por estar perseguido polo seu activismo en favor de causa saharauí, senón para estudar cunha beca que lle foi concedida para aprender español. A lei española que regula as condicións para a solicitude de asilo político establece cláusulas e prazos excepcionais cando as circunstancias que xustifican a petición se deban a causa sobrevida no país de orixe, como sucedeu neste caso.

Hassanna Aalia figura no Sumario de Instrución do Tribunal Militar Permanente para a Forza Armada do Reino de Marrocos, xunto con outros 24 acusados, todos civís. Foi xulgado en rebeldía e a tenor da súa condena a cadea perpetua nunha sentenza que foi lida ante observadores de Human Rights Watch e

Amnistía Internacional, entre outros, existen sobrados motivos para determinar que o retorno de Hassanna ao Sahara Occidental suporía un risco real para a súa integridade física.

O Ministerio do Interior denegou a súa petición, malia que contaba cun contundente informe de ACNUR, que apoiaba a solicitude en virtude das circunstancias excepcionais de Hassanna Aalia, recoñecendo o seu activismo, as detencións que sufriu, os malos tratos, o acoso e a presión á que foi sometido por parte da policía marroquí, e a tortura da que foi obxecto. A primeira vez que foi torturado tivo lugar en outubro de 2005, cando tiña 17 anos, por participar nunha manifestación pacífica á saída da escola. Estivo dous días retido e, segundo declarou Hassanna, “os maltratos comezaron na mesma rúa onde fun arrestado e seguiron dentro do vehículo. Xa en comisaría, espíronme, colgáronme boca abaixo durante varias horas e non me deixaron beber auga”.

Interior denegoulle a protección internacional porque na sentenza escrita non figura o nome de Hassanna entre os condenados, aínda que os observadores internacionais confirmaron que si foi nomeado na sala cando se leu o veredicto a cada un dos acusados. Por esta razón, o Estado español considera que hai un procedemento penal inconcluso e, aínda que non o diga expresamente, no fondo está avalando a validez dun xuízo que foi denunciado polas máis importantes organizacións internacionais de defensa do Dereitos Humanos por non ofrecer garantía algunha aos procesados.

Por todo isto, propónse ao Pleno do Concello de Boimorto a aprobación do seguinte acordo:

1. Esixir ao Ministerio de Interior do Goberno de España que en virtude da lexislación española e do compromiso do noso país con respecto aos Dereitos Humanos conceda o Asilo Político a Hassanna Aalia, activista saharauí de Dereitos Humanos e defensor do dereito de autodeterminación do Pobo Saharauí recoñecido pola lexislación Internacional, dado que o seu retorno ao Sahara Occidental supón un risco real para a súa integridade física.

2. Remitir de forma inmediata esta solicitude ao Ministerio do Interior para que a leve a efecto.

Di a Alcaldía que esta proposta ven dun representante da comarca de asociacións que traen nenos saharauís, e que se trae tendo en conta intereses dos veciños de Boimorto que axudan a este pobo e os seu nenos.

O concelleiro do grupo mixto D. Xosé Luís Rivas di que o Estado Español debe este apoio o pobo saharauí.

Sen máis intervencións por unanimidade con 9 votos a favor; catro dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE, catro dos concelleiros do grupo municipal do PP e un da concelleira do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU:**

1. Esixir ao Ministerio de Interior do Goberno de España que en virtude da lexislación española e do compromiso do noso país con respecto aos Dereitos Humanos conceda o Asilo Político a Hassanna Aalia, activista saharauí de Dereitos Humanos e defensor do dereito de autodeterminación do Pobo Saharauí recoñecido pola lexislación Internacional, dado que o seu retorno ao Sahara Occidental supón un risco real para a súa integridade física.

2. Remitir de forma inmediata esta solicitude ao Ministerio do Interior para que a leve a efecto.

5.- PROPOSTA APOIO Á INSCRICION DO PATRIMONIO CULTURAL INMATERIAL GALEGO PORTUGUÉS NA LISTA REPRESENTATIVA DA UNESCO

Pola Secretaría dase lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que se reproduce literalmente:

<<PROPOSTA DE APOIO Á INSCRICIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL INMATERIAL GALEGO-PORTUGUÉS NA LISTA REPRESENTATIVA DA UNESCO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.- A Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte...nas ondas!, integrada por profesorado de Galicia e Portugal, promoveu a presentación diante da UNESCO da primeira candidatura transnacional de patrimonio inmaterial xurdida de centros educativos de dous países de Europa. Esta candidatura foi presentada na sede da UNESCO o 18 de outubro de 2004 contando con un amplo apoio social e co aval da Xunta de Galicia e os gobernos de Portugal e de España. Esta candidatura non foi seleccionada nas proclamacións feitas públicas o 25 de novembro de 2005 pero a UNESCO enviou a ambos estados e á Asociación Ponte...nas ondas! A recomendación de voltar a presentar este patrimonio para ser incluído na Lista Representativa que entraría en vigor unha vez ratificada a Convención para a Salvaguarda do Patrimonio Cultural Inmaterial.

2.- Considerando que a cultura oral común galego-portuguesa conforma un amplo abono de manifestacións literarias, musicais e etnográficas (cantigas, lendas, romances, cantos, regueifas, celebracións do ciclo agrario e da natureza), enrazaas na tradición e que perviven aínda en amplas zonas do territorio comprendido entre o Douro e o Cantábrico como expresións dunha continuidade histórico-cultural de moita antigüidade.

Por mor dos cambios económicos e sociais acontecidos nas últimas décadas (desaparición de modos de vida e actividades económicas tradicionais, proceso de urbanización, influencia dos medios de comunicación) esta comunidade cultural milenaria está perdendo vitalidade e algunhas das manifestacións que a constitúen están en risco de desaparición.

Para mudar esta tendencia faise necesaria unha actuación coordinada por parte das administracións, as institucións académicas e educativas, e a sociedade civil, encamiñada a protexer, coñecer, recuperar e darlle difusión a esta parte fundamental da identidade cultural dos pobos.

3.- A inscrición deste patrimonio común na Lista Representativa da UNESCO pode constituír un importante punto de partida para conseguir unha maior atención e un maior compromiso por parte da sociedade e das institucións para a súa conservación e promoción. E que ademais redundaría nun meirande coñecemento mutuo entre os dous pobos e contribuiría a consolidar e impulsar as crecentes relacións institucionais, sociais e culturais en Galizia e Norte de Portugal.

Por todo o anteriormente exposto, proponse ao Pleno a seguinte proposta de **ACORDO**:

1.- O Concello de Boimorto expresa o seu apoio á campaña pola inscrición do patrimonio cultural inmaterial galego-portugués na Lista Representativa do Patrimonio Cultural Inmaterial da UNESCO.

2.- Solicitar do goberno galego e das administracións estatais españolas e portuguesa o apoio ao proceso de inscrición deste patrimonio común e a súa posta en valor mediante iniciativas encamiñadas a favorecer o intercambio e a cooperación social e cultural entre Galiza e Portugal, nomeadamente, aquelas propostas que teñen como obxectivo o coñecemento, impulso e divulgación da cultura inmaterial común galego-portuguesa.

3.- Promover no marco territorial e competencial deste concello actividades na defensa deste patrimonio inmaterial galego-portugués.

4.- Remitir certificación deste acordo á Comisión Promotora da campaña pola inscrición do patrimonio cultural inmaterial galego-portugués na Lista Representativa da UNESCO para que o Concello figure como **CONCELLO PROMOTOR** no dossier que se envíe aos Estados e á UNESCO.

5.- Como sinal do compromiso con este patrimonio, o Concello exhibirá un distintivo onde figurará o lema de **CONCELLO PROMOTOR** xunto co logotivo que encabeza este documento.

Di Alcaldía que esta proposta ven dun asistente os Cantares de Reis, pretende apoio que evite a perda deste patrimonio para evitar a súa desaparición.

O concelleiro do grupo mixto D. Xosé Luis Rivas fala de actividades que veu realizar entre terras limítrofes galego portuguesas e que é un proxecto precioso.

